



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

REUNIÓN

Dirección-Comité (07/07/11)

Nesta reunión tratáronse os temas seguintes:

Plan de Baixas 2011-2013.- Neste punto, a C.I.G., tal e como así acordamos na Asemblea Xeral, **non avalamos** o Expediente de Regulación de Emprego "Plan de Baixas", polos seguintes motivos:

*Na C.I.G. sempre defendemos que era preciso dispor de mecanismos para que, todos aqueles traballadores/as con idades preto da xubilación, puideran anticipar o remate da súa vida laboral garantindo que iso non supuxera ningún tipo de penalización. Recordaredes o gran volume de traballadores/as que estivemos defendendo, o 27 de Xaneiro, a **paralización da reforma das pensións**, dado o impacto que iso ía supor non soamente para o colectivo máis novo, senón tamén para os veteranos.*

*No anterior plan de baixas, a argumentación para que a C.I.G. non o asinara foi a **defensa da apertura da Xubilación Parcial e a condonación do 15%**, pero, apesares diso, coma sempre, fomos respectuosos, asesorando e informado, a todos aqueles compañeiros/as que decidiron acollerse ó mesmo.*

*Pois ben, a C.I.G., como defensora das adaptacións dos postos as persoas, agora, para con este colectivo, no que a Empresa non foi capaz de garantir unhas condicións de traballo adecuadas a súa patoloxía, en coherencia, **non podemos asinar un documento, como única saída para o remate da súa vida laboral dos afectados, no que non se garanta:***


.- unha Xubilación máis que merecida (ó non ter en conta as posibles penalizacións que puideran ocasionar futuras evolucións ou modificacións legislativas así como os criterios que se van utilizar á hora de poder acceder ó mesmo)

*.- unha estabilidade contractual para co cadro de persoal (eliminación da cláusula de variabilidade, novación dos contratos a 8 horas), non esquezamos que dende Maio de 2009 ata Xaneiro de 2011 perdemos xa 546 contratos Fixos a Tempo Completo de 8 Horas, e agora con esta nova ERE 2011-2013, vanse sumir outros 150 máis, é dicir, **preto de 700 contratos Fixos a Tempo Completo de 8 horas.***

.- a condonación do 25% dos Xubilados/as parciais, demanda social que si se vén facendo noutros centros do mesmo sector.

A Dirección, como puntilla final, integrou a Empregabilidade, como un dos xustificantes, da non adaptación das persoas ós postos, nas Actas da negociación do Expediente Extintivo. Dende a C.I.G., mostramos o noso total desacordo que dita **EXPOSICIÓN** figure agora como vixente, cando todos sabemos que esta medida esta en fase de desenvolvemento. **Sendo a única oposición a da C.I.G.**, a Dirección mantén a súa inclusión no acta a presentar ante a Autoridade Laboral.

Como sindicato de clase, o noso rexeite a este documento, non significa que, para todos/as aqueles compañeiros/as que decidan acollerse o fagan asesorados, para iso, e como así fixemos no anterior Plan de Baixas, na C.I.G., aquí estaremos para informarvos.



Seguridade.- Neste apartado, o Responsable de Prevención, fíxonos unha exposición sobre o balance en materia de Seguridade neste último trimestre, no cal se destacaron os últimos accidentes con baixa que tivemos no Centro así como as accións previstas a levar a cabo.

Dende a C.I.G. tres foron os matices que lle expuxemos ó Responsable do Departamento de Prevención:

1º) No que atinxe ó incremento dos accidentes en itínere, para a C.I.G. non só é incidir en cartelería informativa, reguntámonos se iso non tivo nada que ver ó ter retirado o TRANSPORTE COLECTIVO. Somos moitos os traballadores/as que día tras día temos que afrontar situacións particulares para poder chegar a tempo ó Centro de Traballo. Por iso solicitámoslle á empresa que se fixera unha comparativa sobre a situación cando dispúñamos de transporte colectivo e a do día de hoxe.

2º) Ante a intencionalidade de implantar o uso do cinto de seguridade nos carros, dende a C.I.G. pedimos que se dera participación ós Delegados/as de Prevención antes de levar a diante esta medida.

3º) No que atinxe as medidas sobre melloras ergonómicas, a C.I.G. criticou que "*a posteriori*" da implantación dun posto de traballo se faga o estudo ergonómico do mesmo. A prevención ten que comezar dende a propia planificación, na cal, a Dirección ten que respectar a participación do Comité de Saúde Laboral.

Varios.

PINTURA.- A Dirección infórmanos que a día de hoxe seguimos tendo problemas nas Liñas de Pintura, o que está ocasionando paradas no resto dos Talleres. Informarásenos durante o día sobre dita situación e o seu impacto no cadro de persoal.

DENSO.- Ante a continuidade da folga indefinida dos traballadores/as deste provedor, a Dirección transmítenos que de non chegar a acordo, o venres pola tarde teríamos que parar a produción. Tal e como así informamos anteriormente, sendo coñecedores da negociación, dicirvos, a **totalidade dos traballadores/as**, que para poder dispor dun Convenio Colectivo acorde ás necesidades reais dos traballadores/as e sen que iso supoña unha inclusión de medidas regresivas, víronse na obriga de levar a diante esta folga.

FORMACIÓN.- Despois de ser utilizada a Empregabilidade, nas actas da negociación do Expediente de Regulación de Emprego Extintivo (Plan de Baixas 2011-2013), como unha xustificación, cara a Autoridade Laboral, agora a Dirección infórmanos que para o vindeiro día 12 está previsto un curso sobre esta Área, onde participarán os Representantes da Comisión de Formación así como 2 Membros de cada Organización Sindical, para poder así dispor dunha mellor información.

Confederación Intersindical Galega